

PEZA DO MES

setembro

2019



VASO CILÍNDRICO
CASTRO DE SAN CIBRAO DE LAS

XUNTA DE GALICIA

Vaso cilíndrico. Castro de San Cibrao de Las

Contexto arqueolóxico

O vaso cilíndrico que presentamos foi recuperado no xacemento de San Cibrao de Las, na campaña de escavación de 1982 dirixida por Bieito Pérez Outeiriño. Este xacemento constitúe un punto de referencia para o estudo do cambio de era en Galicia, dende que se iniciaran as súas escavacións a comezos do século XX da man de F. López Cuevillas. San Cibrao de Las ou «A Cidade» atópase situado en Cenlle (Ourense) e ocupa aproximadamente unha superficie que abrangue 10 hectáreas dun outeiro na confluencia entre os ríos Barbantiño e Miño, a unha altitude de 470 metros. Como xa mencionamos, a ocupación principal de San Cibrao debe datarse entre finais do s. I a.C. e comezos do s. I d.C.

O xacemento organízase en dous recintos máis ou menos concéntricos, con elementos complementarios nalgúns puntos, como un terceiro recinto no lado oeste. As portas principais sitúanse nos lados leste e oeste das murallas. Na acrópole ou recinto superior atopáronse algunhas estruturas, pero a ocupación situaríase no segundo recinto, onde aparecen estruturas redondeadas e rectangulares que se agrupan en unidades habitacionais ou barrios, distribuídos ao redor das rúas principais.

Esta peza foi atopada nun gran corte radial de 120 m de lonxitude que cruza o xacemento en sentido leste-oeste. Foi realizado co obxectivo de obter unha visión xeral del, especialmente en cuestións tales como o urbanismo ou a relación entre os diversos elementos defensivos e estruturas habitacionais.

Descrición da peza

O vaso cilíndrico analizado ten un tamaño medio, dunha forma lixeiramente troncocónica e cóncava. Isto débese a que o diámetro do bordo (20 cm aproximadamente) é algo maior que o da base (17 cm). O labio é exvasado, facetado cara ao interior, e non se diferencia do corpo polo exterior. Conserva unha asa de sección cilíndrica colocada a media altura, pero é probable que tivese unha segunda no lado oposto. O fondo, como é habitual nas pezas deste tipo, é plano.

O acabado exterior é un alisado suave, especialmente na parte inferior, onde se aprecian as pegadas dos rolos de arxila que conforman o vaso. O esquema decorativo é o habitual dos vasos cilíndricos, con 3 grupos de bandas horizontais incisas que se dispoñen en grupos de 3, e un último grupo de 2 na parte inferior.

Nin o acabado exterior nin a decoración presentan a calidade excepcional que podemos ver noutros vasos cilíndricos. A decoración tampouco se interrompe ao chegar á asa; estas colócanse enriba das bandas incisas. Nos espazos baleiros centrais dispóñense incisións suaves en zigzag de dobre trazo que conforman formas triangulares.

Análise tipolóxica

Os vasos cilíndricos caracterízanse, como é obvio, polo seu perfil cilíndrico ou de tendencia cilíndrica/troncocónica, aínda que tamén poden ser lixeiramente máis amplos no bordo e/ou no fondo que na parte media. Os bordos son rectos, non se diferencian do corpo, e poden rematar nun engrosamento, especialmente cara ao interior do vaso. Poden ter dúas asas de sección cilíndrica, que se colocan en vertical na parte media do corpo. Os fondos son planos, pero cabe sinalar que en San Cibrao de Las, na campaña de 1984, se recuperaron un exemplar co fondo perforado.

Os seus acabados exteriores son normalmente alisados de boa calidade, e presentan un característico patrón decorativo. No corpo dispóñense bandas horizontais, normalmente de motivos estampados, que se poden enmarcar con liñas incisas. Aínda que este é o esquema máis común, os vasos cilíndricos tamén poden ser lisos ou soamente ter liñas horizontais incisas. A decoración pode ocupar todo o corpo ou intercalarse con espazos lisos, interrompéndose ou non ao chegar ás asas. No que respecta aos motivos que aparecen, atópase moita variabilidade, aínda que sempre se respecta a colocación en bandas.

O seu tamaño é moi variable. As pezas de menor tamaño teñen arredor de 6 a 10 cm de diámetro, mentres que as de maior superan os 30 cm. O máis habitual é atopar vasos con bordos entre 20 e 30 cm de diámetro.

É unha forma moi ligada ao xacemento de San Cibrao de Las, ao aparecer en número moi elevado nos seus contextos cerámicos –chegando a supoñer nalgúns case un 15% dos individuos–. Fóra de San Cibrao rexístrase con certa frecuencia en Laias, e puntualmente noutros sitios como Castromao ou Armea.

Quince individuos desta forma foron analizados mediante técnicas arqueométricas no ERAAUB da Universidade de Barcelona polo equipo do profesor M. Cau Ontiveros. O obxectivo era determinar, segundo a súa composición, onde foron fabricados. A mostra analizada incluía 8 individuos de San Cibrao de Las, 3 de Castromao, 2 de Santa Trega, 1 de Laias e 1 de Armea. A partir deste estudo, observáronse



REPERTORIO DECORATIVO DE VASOS CILÍNDRICOS

similitudes na composición petrográfica e química que suxiren semellanzas no tipo de materias primas empregadas –arxilas non calcarias e desengordurantes graníticos–, así como nas técnicas de manufactura. Porén, as diferentes petrográficas e químicas permitiron identificar varios grupos de pastas. Tras considerar a xeoloxía rexional, cada grupo é compatible cunha produción local. Polo tanto, aínda que podería ser unha forma orixinaria de San Cibrao de Las, cada xacemento fabricaría a súa propia versión, engadindo en moitas ocasións elementos diferenciadores, como decoracións propias de cada lugar.

No que respecta á súa funcionalidade, a opinión tradicional é que son vasillas que serven para conter líquidos ou semilíquidos, o que podería explicar a diversidade de tamaños que presentan. Non obstante, algúns exemplares conservan marcas de feluxe, que poderían indicar un uso relacionado coa cociña. O individuo mencionado anteriormente co fondo perforado podería estar vinculado á produción de queixos ou algún produto similar. Tanto a forma, única e inusual dentro do conxunto de vasillas da Idade do Ferro, como a decoración en bandas recordan a pezas de madeira, que poderían ter inspirado os vasos cilíndricos cerámicos.

Paralelos

Os vasos cilíndricos ou vasos tipo San Cibrán de Las son a forma 26 de Josefa Rey Castiñeira, a forma 1 na tipoloxía de Bieito Pérez Outeiriño e a forma 15 para Eugenio Rodríguez Puentes. Aparecen sobre todo en San Cibrao de Las, pero tamén os atopamos noutros xacementos como Laias, Castromao, Armea, Astariz, A Merca ou Santa Trega.

Cronoloxía

Segundo os contextos estudados onde se teñen localizado vasos cilíndricos, a presenza de *terra sigillata* itálica indica que son unha forma do cambio de era. Nos casos de xacementos como Laias ou, sobre todo, San Cibrao de Las, a forma continúa aparecendo en contextos do século I avanzado, ao atoparse algúns individuos en contextos con *terra sigillata* gálica ou hispánica. Tería, pois, unha perduración maior que en xacementos como Castromao ou Armea, onde non aparece en contextos desta cronoloxía.

O repertorio cerámico do cambio de era

Os vasos cilíndricos son unha das pezas máis representativas do repertorio cerámico do cambio de era nos xacementos do medio Miño. Atópanse frecuentemente acompañados de potes con perfís en «d» –os tradicionalmente coñecidos como tipo Cameixa– e potes con perfís en «s», que conformarían o núcleo principal do repertorio da cerámica común e de cociña do momento. Para o almacenamento, tamén atopamos grandes tallas con bordos facetados e cordóns plásticos nos ombreiros. Outras pezas que forman parte do conxunto do cambio de era son os potes con asas en orella, as xerriñas globulares, as fontes de asas interiores e as fontes/tapadeiras de asas exteriores. Estes tipos cerámicos aparecen frecuentemente en contextos que se poden datar maioritariamente entre finais do s. I a. C. e comezos do s. I d. C. grazas á presenza de vernices negros ou *terra sigillata* itálica.

Lugar de conservación

A peza pertence aos fondos do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, onde figura rexistrada co número de inventario CE005219/5.



CLAUSTRO DO PATIO DO MUSEO ARQUEOLÓXICO NA SÚA SEDE DA PRAZA MAIOR



ENTRADA Á SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL SITUADA AO LADO DO CLAUSTRO DE SAN FRANCISCO



INTERIOR DA SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL

MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o Pazo do Bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha cuidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao Barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do exconvento do mesmo nome, onde están o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono : 988 788 417

O horario de visita:

martes a sábado: 9.00 a 22.00 h ininterrompido

domingo: 9.00 a 15.00 h

luns pechado

Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do Museo, na rúa Xílgaros s/n (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002 Ourense.

Teléfono: 988 788 439

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.30 ás 14.30 h e das 16.00 ás 20.30 h

www.musarqourense.xunta.es

mapour@xunta.es

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense


TEXTO: Alba Antía Rodríguez Nóvoa


FOTOGRAFÍA: Fernando del Río

MAQUETA: Araceli Gallego

ISSN: 1579-9956

Museo Arqueolóxico 

 Xacobeo 2021

 galicia

 XUNTA DE GALICIA